

CONVENIO DE COLABORACIÓN SOBRE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA DESENVOLVER ACTUACIÓNS DO PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA 2022-2026 RELACIONADAS CO MUNDO ACADÉMICO

REUNIDOS

Dunha parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), actuando en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado por Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG nº 117, do 20 de xuño), e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da UVIGO.

E doutra parte, José Antonio Campo Andián, Director do Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), actuando en nome e representación del en virtude do nomeamento efectuado por Decreto 295/2009, do 14 de maio (DOG nº 94, do 15 de maio), e polas facultades conferidas pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do IGE.

Ambas partes recoñécense plena capacidade e lexitimación para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia é o marco xurídico para coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.

Que para isto encoméndanselle ao IGE as funcións de dirixir a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma, coordinar a levada a cabo polas administracións públicas de Galicia e desenvolver bases de datos sobre información estatística de interese para Galicia.

Que o Plan galego de estatística 2022-2026, aprobado por Lei 16/2021, do 20 de decembro, establece no seu artigo 16 que, para reducir a carga de resposta e mellorar a eficiencia na produción, utilizarase como fonte prioritaria de información a contida nos ficheiros dispoñibles de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo.

Que o artigo 7 da mesma lei abonda no anterior, establecendo como obxectivo o de utilizar as fontes xa existentes e promover medidas que permitan enlazar as distintas fontes de datos, para evitar que se dupliquen as solicitudes de información. No mesmo artigo méncionase que se intensificará o uso estatístico das fontes administrativas e se establecerán procedementos de colaboración entre os seus titulares e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información.



Que no marco do Plan galego de estatística 2017-2021, O IGE desenvolveu como ferramenta de infraestrutura unha base de datos sociodemográfica, construída mediante o enlazamento de ficheiros e que permite elaborar nova información estatística con máis axilidade, a menor custo e superando as delimitacións xeográficas tradicionais.

Que a Lei 16/2021 recolle expresamente esta ferramenta e consolida unha das estatísticas elaborados a partir dela, a *"Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km²"*, cuxo obxectivo é difundir información agregada sobre demografía, pensións e mercado laboral.

Que o IGE ten interese en ampliar esta ferramenta, incorporando a información administrativa que lle achegue a UVIGO, para elaborar novas estatísticas sobre os colectivos universitarios que corresponda e o nivel de formación da poboación galega.

Segundo

Que, de acordo cos seus estatutos, aprobados por Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, a UVIGO é unha organización pública ao servizo da sociedade, para fomentar a procura de novos coñecementos, a creación artística e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, asumindo os compromisos de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas e de promover políticas activas de igualdade e de promoción social. Este servizo á sociedade implica a creación e transmisión da ciencia, da técnica e da cultura.

Que para realizar estas funcións, favorecer a toma de decisións, avaliar resultados e ordenar os seus recursos, a UVIGO precisa información estatística que lle pode fornecer o IGE, logo de incorporar os seus rexistros administrativos na base de datos sociodemográfica contemplada no punto anterior.

Terceiro

En virtude do mencionado e co obxectivo de mellorar o aproveitamento estatístico das fontes de información administrativa da UVIGO e integralas nas actuacións contempladas nos plans e programas estatísticos da Comunidade Autónoma de Galicia, considérase adecuado establecer o presente convenio entre a UVIGO e o IGE, segundo as seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco estable de colaboración en relación co contido, as condicións e os procedementos



polos que se debe rexer a transmisión de información desde a UVIGO ao IGE para o seu aproveitamento estatístico.

Segunda. Finalidade

A UVIGO subministrará a información contemplada no convenio coa única finalidade de que o IGE a empregue para realizar e mellorar as actuacións que se lle encomenden nos plans e programas estatísticos da Comunidade Autónoma.

Terceira. Obrigas das partes

A UVIGO facilitaralle ao IGE información nominal, con periodicidade anual, relativa ao seu persoal docente e non docente e ás persoas que estean matriculadas nunha titulación de grao, máster, ou programa de doutoramento. Tamén lle transmitirá ao IGE información nominal sobre os estudantes egresados, entendendo como tais aos que completaron con éxito todos os créditos do plan de estudos nos que están matriculados.

O IGE incorporará esta información na base de datos sociodemográfica, para mellorar e ampliar o coñecemento da poboación galega en relación co seu nivel de formación e pescudar como repercute dita formación nas súas condicións socioeconómicas e nas súas relacións co mercado laboral. Tamén se empregará para estudar a mobilidade da poboación por razóns laborais ou de estudo.

O IGE escoitará e, se procede tecnicamente, trasladará as necesidades propias de información da UVIGO relacionadas cos datos cedidos aos proxectos dos programas estatísticos anuais da Comunidade Autónoma. A maiores e coa sinatura deste convenio, a UVIGO poderá solicitar ao IGE explotacións a medida de datos agregados, beneficiándose das vantaxes económicas que a Orde do 17 de marzo de 2004 de prezos dos produtos de difusión do IGE concede á categoría de informantes.

A comisión mixta de seguimento contemplada na cláusula sexta definirá a información a transmitir pola UVIGO ao IGE, entre a que se incluírá, cando menos e en función do colectivo que corresponda, os seguintes datos: número de identificación fiscal, sexo, nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade, provincia, enderezo postal de residencia e concello de residencia, centro/s de ensino, categoría, titulación e rama de coñecemento. Tamén se incluírá a data de transmisión da información.

Cuarta. Financiamento

As actuacións previstas no presente convenio non xerarán custes nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes asinantes.

Quinta. Protección de datos persoais

As partes manifestan que coñecen e cumprirán coa lexislación europea na materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de



forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio no marco do disposto no RXPD e á súa normativa de desenvolvemento, en especial, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

O IGE responsabilizarase de que a información se empregue de xeito que a protección dos datos individuais estea totalmente garantida, quedando todas as persoas que participen nas actuacións que se deriven deste convenio sometidas á obriga de preservar o segredo estatístico segundo o establecido nos artigos 24 ao 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo.

A UVIGO, respecto dos datos que vaian ser obxecto de transmisión ao IGE, comprométese a cumprir coa normativa aplicable, incluídas as normas internas, para garantir que respectan os principios do tratamento e o exercicio por parte das persoas afectadas dos seus dereitos dos artigos 15 a 22 do RXPD. A súa política de protección de datos figura dispoñible na súa páxina web.

Sexta. Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento cos seguintes representantes:

- Por parte da UVIGO, dúas persoas designadas polo Reitor ou Reitora.
- Por parte do IGE.
 - A persoa titular da Subdirección de Síntese, Análise e Difusión
 - A persoa titular do Servizo de Difusión e Información

A comisión mixta de seguimento terá como funcións:

- Acordar os detalles relativos á execución do convenio no que se refire ao disposto na terceira cláusula, sempre que non supoña modificar o seu contido esencial, para o que se precisará o acordo das partes.
- Coordinar as actuacións necesarias para a correcta execución do convenio, establecendo os procedementos de intercambio de información máis eficaces e as medidas que garantan a protección dos datos fornecidos.
- Resolver sobre calquera discrepancia ou controversia que se susciten na interpretación ou execución do convenio.

A comisión reunirse a instancia de calquera das partes, sempre que os temas por tratar ou as circunstancias o aconsellen, e faralo ordinariamente a distancia, segundo o previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo de que se acorde convocar sesións presenciais cando o solicite algún dos seus membros.



Para o non establecido expresamente nesta cláusula, a comisión rexerese polo disposto sobre o funcionamento dos órganos colexiados na sección 3ª do capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Sétima. Vixencia

O convenio terá unha duración de catro anos, perfeccionarase pola presentación do consentimento das partes e poderase prorrogar, sempre que o IGE e a UVIGO o acorden antes da súa finalización, por un período máximo doutros catro anos, segundo o disposto no artigo 49.h) da lei 40/2015, do 1 de outubro.

Oitava. Modificación e resolución

Conforme o artigo 49.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, para modificar as cláusulas do convenio será necesario o acordo dos asinantes. A comisión mixta de seguimento comunicaralles as actualizacións ou modificacións propostas, para que subscriban o correspondente acordo, que se deberá formalizar por addenda, conforme aos requisitos legalmente establecidos e previa a autorización prevista no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución, de acordo co disposto no artigo 51.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen acordar expresamente a súa prórroga
- b) O acordo das partes
- c) O incumprimento das obrigas asumidas por algún dos asinantes
- d) A decisión xudicial declaratoria de nulidade
- e) Calquera outra distinta das anteriores e prevista noutras leis

Tamén será causa de resolución a denuncia expresa de calquera das partes, que precisará da reunión da comisión mixta de seguimento.

Novena. Consecuencias aplicables en caso de incumprimento

A parte non cumpridora non terá que indemnizar economicamente á outra por non cumprir as obrigas do convenio, ou pola súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros. No entanto, o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por un dos asinantes poderá ser causa de resolución do convenio, de acordo co establecido na cláusula anterior.

Décima. Réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro. En todo o



que lles sexa de aplicación, as partes comprométense a colaborar para cumprir os requisitos previstos na devandita lei, en especial os do artigo 50 sobre os trámites necesarios para subscribir convenios e os seus efectos.

As cuestións litixiosas que puidesen xurdir na interpretación e cumprimento do convenio, sen prexuízo do previsto na cláusula quinta, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima. Publicidade

O convenio será obxecto de inscrición en virtude do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En aplicación do artigo 17 da devandita lei, ademais da información que se debe facer pública pola normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Os asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no convenio no portal de transparencia e goberno aberto.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento en duplicado exemplar,

Pola UVIGO

Manuel Joaquín Reigosa Roger,
Reitor da Universidade de Vigo

Polo IGE

José Antonio Campo Andión
Director do Instituto Galego de Estatística

